

**TEXTO**

## I

*Onde Phileas Fogg e Passepartout se aceptan mutuamente,  
un como amo e o outro como criado (inicio)*

Polo ano 1872, a casa sinalada co **número 7 de Saviile Row en Burlington Gardens** estaba habitada por Phileas Fogg. Un dos membros máis singulares e máis relevantes do Reform Club de **Londres**, por máis que el teimase en non facer cousa que puidese chamar a atención. Deste Phileas Fogg ignorábase todo fóra de que era extremadamente cortés e un dos máis puros **gentlemen** da alta sociedade inglesa.

Dicían que se asemellaba a **Byron**, mais un Byron con **mostacho** e patillas, un Byron impasible, home de vivir un milleiro de anos sen avellentarse.

Inglés de certo, Phileas Fogg non era o que se di un londinense. Endexamais se vira nin na Bolsa, nin nos bancos, nin en ningún dos centros comerciais da **City**. Nos peiraos ou **docas** de Londres xamais se recibira un barco do que fose armador Phileas Fogg. Este cabaleiro non figuraba en ningún consello de administración. O seu nome non soara nunca nun despacho de avogados. Non preiteara nunca coa **Chancelaría**, co Banco da Raíña, nin coa **Facenda**, nin coa Curia Eclesiástica. Non era industrial, nin negociante, nin agricultor. El non pertencía a ningunha das numerosas sociedades que **inzan** a capital de Inglaterra.

Phileas Fogg era un membro do Reform Club, e velaí está todo.

A quen se sorprenda por bater cun cabaleiro tan misterioso entre os membros desta honorable asociación cómpre informalo de que entrou na mesma baixo a recomendación dos irmáns Baring, tendo **crédito** aberto na súa casa. E de aí lle viña unha certa "**imaxe**", pois os seus **cheques** aboábanse decontado, debido a que a súa **conta corrente** tiña **saldo acredor** decote.

O tal Phileas Fogg era rico? Incuestionablemente. Mais de que maneira acadara a fortuna era cousa da que nin os mellor informados acertaban a dar noticia, e a Mr. Fogg era a quen menos conviría dirixirse para deprenderlo. De calquera xeito, el non era un **perdulario**, e tampouco un **avarento**: onde cumpría axuda para unha causa nobre, útil ou xenerosa, facía a súa contribución **silandeiro** e mesmo anonimamente.

En resumo, ninguén era menos comunicativo ca este cabaleiro. Falaba o menos que podía, e semellaba máis misterioso conforme era silencioso. Non obstante, a súa vida era transparente; mais o que el facía era tan matematicamente igual **arreo**, que a imaxinación da xente insatisfeita **andaba a procurarlle as voltas**.

Viaxara? Era moi probable, porque ninguén dominaba o mapamundi mellor ca el. Non había sitio, por **arrecuado** que fose, do que non parece que tiña coñecemento especial. Ás veces, aínda que con poucas palabras, precisas e claras, encarreiraba as mil versións que circulaban polo club tocante a viaxeiros perdidos ou desencamiñados: tiraba as verdadeiras probabilidades, e as súas verbas parecían inspiradas por un sexto sentido con frecuencia, de tal maneira viñan a xustificalas os

acontecementos. **Era un home que viaxara por todos os lugares – polo menos, imaxinariamente.**

O certo era, non obstante, que nunha chea de anos Phileas Fogg non saíra de Londres. Os seus únicos pasatempos eran ler os **xornais** e xogar ao *whist*. Neste xogo tan silencioso, tan acomodado ao seu natural, gañaba adoito; pero cómpre salientar que Mr. Fogg **xogaba por xogar, mais non por gañar.**

A Philes Fogg non se lle coñecían muller nin fillos – **cousa que lle pode acontecer á xente máis honrada-**, nin parentes, nin amigos – **o que xa é menos común, en verdade-**. **Phileas Fogg vivía só, na súa casa de Saville Row, onde non entraba ninguén.** E do interior desta **non se sabía nin res.** Un só criado era abondo para servilo. Xantaba e ceaba no club, a horas cronometricamente determinadas, na mesma sala, na mesma mesa, sen tratarse cos seus colegas, sen convidar a ningún estraño, sen regresar á súa casa máis que para deitarse, á medianoite en punto. Das vinte e catro horas do día botaba dez no seu domicilio. Tanto para o xantar como para a cea, eran as cociñas, a despensa, a peixería e a leitería do club as que **fornecían** coas **suculentas** reservas a súa mesa; eran os camareiros do club os que o servían nunha louza especial, sobre un espléndido mantel de lenzo de **Saxonia**; eran as copas de cristal tallado do club as que contiñan **o seu xerez, o seu porto**, ou o seu clarete aromatizado con canela, coandro e cinamomo; era, en fin, o xeo do club o que mantiña as súas bebidas nun agradable estado de frescor.

Se vivir nas tales condicións é ser **excéntrico**, cómpre concordar en que a excentricidade ten o seu ben!

A casa de Saville Row, sen que fose suntuosa, caracterizábase por ser extremadamente comfortable.

**Adaptación do capítulo I, *A volta ao mundo en 80 días*. Jules Verne, 1872**

## ACTIVIDADES ARREDOR DO TEXTO

**I. PREVIA.** Mentres se realiza a lectura, rodea as palabras que non entendas.

**II. COMPRENSIÓN – EXPRESIÓN ORAL**

1. Quen é o protagonista do texto?	
2. Como se chama?	
3. Onde está?	
4. Cal é o seu enderezo?	
5. Que fai?	
6. A que se adica?	
7. Como é?	
8. De que trata o texto?	
9. Cal é o seu tema?	
10. De que tipo de texto se trata?	

**III. COMPRENSIÓN – EXPRESIÓN ESCRITA**

1. Deduce, polo contexto, o significado dos seguintes termos e/ou expresións:

a. Docas	
b. Inzan	
c. Arreo	
d. <i>Andaba a procurarlle as voltas</i>	
e. Arrecuado	
f. <i>Non se sabía nin res</i>	
g. Silandeiro	

2. Procura información na rede arredor de:

a. Lord Byron	
b. A City	

3. Busca nun dicionario o significado dos seguintes termos:

a. Mostacho	
b. Chancelaría	
c. Perdulario	
d. Fornecían	
e. Suculentas	
f. Excéntrico	

4. Averigua na casa o significado dos seguintes termos:

a. Facenda	
b. Crédito	
c. Cheques	
d. Conta corrente	
e. Saldo	
f. acredor	

5. Por que a palabra "imaxe" vai entre comiñas?

--

6. Pregunta ao docente que corresponda a orixe da palabra *xornal*. Despois explica que dous significados posúe en galego.

--	--

7. No texto aparecen palabras relacionadas con varios campos semánticos. Busca algunhas e engádeas ao campo correspondente.

Partes do corpo humano	
Economía	
A casa	
O parentesco	
A comida	

#### IV. Tratamento Integrado de Linguas (TIL)

1. A palabra inglesa *gentlemen* é un sustantivo en plural, cuxo singular corresponde a *gentleman*. A variación (flexión) do "a" en "e" provoca o paso do singular ao plural. Como se produce esa variación (flexión) en galego? É dicir, como se produce a formación do plural? Engade un exemplo á túa resposta.

--

2. Sempre se di que, se se pode, é preferible ler os textos literarios na lingua orixinal, na lingua en que o seu autor ou autora os escribiu. Ollando a seguinte expresión recollida do texto (en galego) e contrastándoa coa expresión orixinal en inglés, explica por que é preferible ler as obras literarias na lingua en que foran escritas, por que a literatura sempre perde nas traducións, por moi boa que estas sexan.

**En galego:** *Phileas Fogg vivía só, na súa casa de Saville Row, onde non entraba ninguén*

**En inglés:** *Phileas Fogg lived alone in his house Salville Row in which came no one*

--

3. Averigua a forma española das seguintes palabras e pregunta ás docentes de portugués e de francés como se escribirían neses idiomas:

GALEGO	ESPAÑOL	PORTUGUÉS	FRANCÉS
a. Mostacho			
b. Chancelaría			
c. Perdulario			
d. Fornecían			
e. Suculentas			
f. Excéntrico			

4. O texto comeza cunha referencia ao enderezo do protagonista (*número 7 de Saville Row en Burlington Gardens, Londres*). Enunciamos en galego o noso enderezo do mesmo xeito? Escribe o teu enderezo.

--

## V. LITERATURA

1. Averigua con que famosa obra da literatura francesa está relacionado o adxectivo *avarento*.

--

2. Con que hábito, labor ou adicación relacionarías esta afirmación: *Era un home que viaxara por todos os lugares – polo menos, imaxinariamente*.

--

3. No seguinte parágrafo tirado do texto podemos atopar dous recursos literarios diferentes, un ten que ver co estilo e outro coa técnica narrativa. Es quen de descubrilos?

*A Philes Fogg non se lle coñecían muller nin fillos – **cousa que lle pode acontecer á xente máis honrada** – , nin parentes, nin amigos – **o que xa é menos común, en verdade** –.*

En relación ao estilo...	En relación á técnica narrativa...

4. O texto é unha adaptación do inicio da novela de Jules Verne, *A volta ao mundo en 80 días*. A función deste texto é presentar e caracterizar ao protagonista, Phileas Fogg. De que tipo de texto se trata? Podería considerarse unha Biografía?

--

## VI. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

1. O texto está inzado de adxectivos e substantivos, necesarios para caracterizar ao protagonista do mesmo. Rodea os sustantivos e subliña os adxectivos.

2. Engade os adxectivos subliñados a algún dos seguintes grupos:

Adxectivos que describen o aspecto físico do protagonista	Adxectivos que describen a súa forma de actuar	Adxectivos que describen a súa forma de pensar (de ser)	Adxectivos que describen a súa contorna

3. Crea un texto (de 10 liñas como mínimo) a partir deste comezo: ***Eu xogo por xogar, mais non por gañar...***

## VII. LINGUA E SOCIEDADE

- Grupo 1 de alumn@s:** O protagonista atópase en **Londres**. Averigua cal é o nome do Estado ao que pertence esa cidade e que linguas se falan nel. Despois cubre a seguinte **FICHA**.
- Grupo 2 de alumn@s:** Case no final do texto, o narrador fai referencia a que Phileas Fogg come nunha mesa cuberta por un mantel de lenzo de **Saxonia**. Averigua onde se atopa ese lugar, a que Estado pertence e que linguas se falan nel. Despois cubre a seguinte **FICHA**.
- Grupo 3 de alumn@s:** No final do texto, descríbense as copas polas que Phileas Fogg bebía **o seu xerez**. Averigua que é o xerez e cal é a súa orixe. Cando o saibas procura información sobre as linguas que se falan nese Estado. Despois cubre a seguinte **FICHA**.
- Grupo 3 de alumn@s:** No final do texto, descríbense as copas polas que Phileas Fogg bebía **o seu porto**. Averigua que é o xerez e cal é a súa orixe. Cando o saibas procura información sobre as linguas que se falan nese Estado. Despois cubre a seguinte **FICHA**.

FICHA DAS LINGUAS	GRUPO DE ALUMN@S:
Lugar no que se atopa o protagonista	
Lingua que se fala nese lugar	
Pobo ao que pertence esa lingua	
Estado ao que pertence ese lugar	
Outras linguas que se falan nese Estado	
Pobos aos que pertencen esas linguas	
Mapa dese Estado coas linguas que nel se falan, os pobos aos que pertencen e os territorios marcados no mapa.	Engadir en folio separado
Situación dese Estado no Mapamundi	Engadir en folio separado

## FONTES DE INFORMACIÓN

- [Blogue do proxecto](#)
- [Galipedia](#)
- [Diccionario etimolóxico Estraviz](#)
- [A descrición. Como facer unha descrición de persoas / de paisaxes / A biografía](#)
- [Léxico do corpo humano / de parentesco](#)

# AVALIACIÓN

## 1. Avaliación da Comunicación Oral

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Moi baixo (1)</li> <li>○ Baixo (2)</li> <li>○ Medio (3)</li> <li>○ Elevado (4)</li> <li>○ Moi elevado (5)</li> </ul>	
<b>Comunicación oral</b>	<b>AUTOAVALIACIÓN</b>	<b>AVALIACIÓN</b>
Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos . CCL / CAA		
Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral . CCL / CSC		
Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume). CCL / CAA / CSC / CSIEE		
Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea. CCL / CAA		
Comprende e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. CAA		
Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. CCL / CCEC		
Recoñece e avalía erros (pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata de evitalos. CAA / CCL		
Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada. CCL / CSC		
Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. CCL / CSC		
Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. CCL / CSC		
Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión. CCL / CSC / CSIEE / CCEC		
Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen os saberes, como medio de relación interpersonal e sinal de identidade dun pobo.		
Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. CSC / CSIEE		
<b>MEDIA</b>		

## 2. Avaliación da Comunicación escrita

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Moi baixo (1)</li> <li>○ Baixo (2)</li> <li>○ Medio (3)</li> <li>○ Elevado (4)</li> <li>○ Moi elevado (5)</li> </ul>	
Comunicación escrita	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. CCL / CAA		
Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. CD / CAA / CSIEE		
Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. CD / CCL / CSIEE		
Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. CCL / CCA		
Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. CCL / CCA		
Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). CCL		
Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos. CCL / CCA / CD		
Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. CCL / CCA		
Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios... CCL / CAA / CD / CSC		
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía. CCL		
Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. CCL		
Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. CCL / CD		
Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación. CAA		
Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación. CCL / CAA		
Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. CSC		
<b>MEDIA</b>		



### 3. Avaliación do TIL

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Moi baixo (1)</li> <li>○ Baixo (2)</li> <li>○ Medio (3)</li> <li>○ Elevado (4)</li> <li>○ Moi elevado (5)</li> </ul>	
TIL	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. CCL / CAA		
Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen os saberes, como medio de relación interpersonal e sinal de identidade dun pobo. CCL / CSC / CCA		
Utiliza os coñecementos lingüísticos nunha das linguas, para mellorar a produción dos textos en calquera das outras. CCL / CAA		
Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. CCL / CAA		
<b>MEDIA</b>		

### 4. Avaliación da Literatura

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Moi baixo (1)</li> <li>○ Baixo (2)</li> <li>○ Medio (3)</li> <li>○ Elevado (4)</li> <li>○ Moi elevado (5)</li> </ul>	
Literatura	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. CCL / CAA		
Le obras literarias e expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade. CCL		
Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes. CCL		
Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. CCL		

## 5. Avaliación do Funcionamento da Lingua

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Moi baixo (1)</li> <li>○ Baixo (2)</li> <li>○ Medio (3)</li> <li>○ Elevado (4)</li> <li>○ Moi elevado (5)</li> </ul>	
Funcionamento da lingua	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. CCL / CAA		
Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios... CCL / CD		
Aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. CCL		
Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. CCL		
Recoñece o uso das categorías gramaticais e distingue as flexivas das non flexivas. CCL / CAA		
Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación. CCL / CAA		
Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, etc.). CCL / CAA / CD		
<b>MEDIA</b>		

## 6. Avaliación de Lingua e sociedade

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Moi baixo (1)</li> <li>○ Baixo (2)</li> <li>○ Medio (3)</li> <li>○ Elevado (4)</li> <li>○ Moi elevado (5)</li> </ul>	
Lingua e sociedade	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. CCL / CAA		
Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen os saberes, como medio de relación interpersonal e sinal de identidade dun pobo.		
Coñece e valora a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coa comunidade lusófona. CCL / CSC / CCA		
<b>MEDIA</b>		